



Á atención das e dos sindicalistas galegos.

Vigo, a 30/01/2021

O obxectivo deste escrito é facerlles partícipes, ao seu e a todos os sindicatos galegos, do noso malestar e oposición ás Recomendacións do Pacto de Toledo, e moi especialmente ao desenvolvemento das mesmas que pretende facer o Ministro de Seguridade Social, Sr. Escrivá. Ao tempo, solicitámoslles que apoiem que se cumpran os compromisos de defender as actuais pensións públicas que os partidos que constitúen o actual executivo estableceron nos seus Acordos do Pacto de Goberno.

Aos pensionistas galegos, e de todo estado, parécenos especialmente **inaceptábel que non se incrementen as misérrimas pensións mínimas actuais** e que **non se adopten medidas específicas para reducir a fenda de xénero** que existe na actualidade nas pensións. Por outra banda, consideramos especialmente lesiva para os e as pensionistas actuais, e sobre todo futuros, que desde o goberno español se pretenda facer efectiva a **“Recomendación 16” do Pacto de Toledo**, que ten como claro obxectivo comezar a substitución paulatina do actual sistema de pensións públicas, de reparto e baseado na solidariedade entre xeracións, por un sistema mixto cun peso crecente dos plans de pensións privados de empresa.

Para que non avance o proceso de desmantelamento do actual sistema público de pensións, é preciso **que sexa rexeitada a proposta de conceder desgravacións especiais aos plans de pensións privados de empresa**, que no seu momento será presentada no parlamento español, a iniciativa da asa mais neoliberal do goberno. Desde os movementos de pensionistas galegos e de todo o estado estamos traballando para que ese rexeitamento parlamentario poida ser unha realidade.

Mais a posibilidade de que esa proposta sexa rexeitada no parlamento español ten moito que ver con que exista un **forte movemento social** en contra da súa aprobación. Os movementos de pensionistas traballamos arreo para construír ese forte movemento social en contra da privatización do actual sistema público de pensións, e gustaríanos que os sindicatos formaran parte del.

Se o seu sindicato rexeita os plans de pensións privados de empresa, agradecemoslle ese rexeitamento.

No caso de que até agora veñan mantendo unha posición equívoca ou de apoio a eses plans, pedímoslles que o reconsideren e deixen de apoialos. Ademais, queremos tamén solicitarlles que no caso de que o seu sindicato participe na Mesa de Dialogo Social, defendan nela o rexeitamento deses plans, e no caso de que o seu sindicato obteña beneficios económicos pola xestión de plans de pensións privados de empresa que existen na actualidade, queremos trasladarlles a nosa opinión de que estaría ben que renunciaran a eles, e que facelo axudaría moito a conseguir a necesaria unidade contra a privatización dos servizos públicos, dos que as pensións públicas son un piar fundamental.

Reciban un cordial saúdo.

Gonzalo Balo Mosquera.

Presidente do MODEPEN

(Movemento Galego en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos)